



**BASES DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ PARA A ADXUDICACIÓN DE INSTALACIÓN DE TEMPADA, QUIOSCOS NO CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA A TEMPADA 2022,2023,2024,2025.**

O Concello de Valdoviño publica estas bases coa finalidade de proceder á adxudicación de autorizacións para a instalación de tempada, quioscos nas praias do termino municipal, considerando que se trata dun uso común especial dos bens de dominio público e que se debe limitar o número de autorizacións.

Habendo solicitado o Concello á Demarcación de Costas do Estado en Galicia a xestión conxunta de tódolos areais do concello deste tipo de servizos de tempada situadas nas zonas de dominio público marítimo terrestre de conformidade co previsto no artigo 53.1 da Lei 22/88, do 28 de xullo, de Costas, procede aperturar o proceso, os solicitantes que resulten seleccionados con arreglo ao establecido nestas bases non obterán dereito de uso sobre dos mesmos en tanto non sexan notificados do acordo polo que lles declara formalmente adxudicatarios, que será logo da obtención polo Concello do permiso da Demarcación de Costas do Estado de Galicia para a xestión deste tipo de actividades. Unha vez notificados desta adxudicación cobrará virtualidade as súas obrigas e dereitos.

As autorizacións que se outorguen en virtude do presente procedemento ademais do previsto nestas bases terán que cumprir as bases xerais da Demarcación de Costas do Estado en Galicia .

As praias nas que se van a conceder autorizacións e a relación dos quioscos que se van a instalar en cada unha son os seguintes, segundo os planos que se xuntan a estas bases e se sinalan (Anexo II).

LOTE	PRAIA	UND.
1	MOURILLÁ	1
2	OUTEIRO	1
3	O RODO	1

**1º. Prazo de autorización.**

O prazo de autorización será, previa a autorización da Demarcación de Costas, de catro anos, sen prexuízo de que as instalación serán desmontables e se situarán nas praias na tempada de verán, que comprende as datas comprendidas entre o 1 de maio e o 31 de outubro de cada tempada. Polo tanto, comprenderá a autorización esas datas dos anos 2022,2023,2024,2025.

Durante as tempadas de 2023,2024,2025 a autorización poderase ampliar a un periodo de 11 días con ocasión da Semana Santa (dende o venres anterior ata o luns posterior). Nese caso os autorizados interesados deberán comunicalo ó Concello de Valdoviño na primeira quincena do mes de decembro do ano anterior, para así este darlle traslado dos adxudicatarios interesados á Demarcación de Costas que liquidará un canon por período de 6,3 meses en lugar de 6.



Fóra das devanditas datas, as instalación e usos amparados na correspondente autorización de uso común especial terán que quedar levantados e cesados, quedando o dominio público en perfecto estado e completamente desocupado.

De non ser posible o outorgamento de autorización antes do 1 de maio de 2022, a duración da mesma para a tempada 2022 exclusivamente abranguerá dende a notificación da adxudicación ata o 31 de outubro de 2022.

A colocación e retirada das instalación terá que ser comunicada cunha antelación mínima de 3 días, a fin de que os servizos técnicos municipais e o servizo de vixilancia de costas, no seu caso, poidan supervisar que ditas operacións lévanse a cabo sen causar danos no dominio público marítimo-terrestre e as instalacións sitúanse nos lugares asignados.

#### **2º. Superficie de ocupación:**

O límite máximo de superficie que se poderá ocupar cos postos e de 20 metros cadrados para superficie pechada e 50 metros cadrados para terrazas abertas. A fixación dos postos será de acordo cos planos que se xuntan a estas bases e se sinalan (Anexo II). No momento da formalización de solicitudes polos particulares indícarán a superficie efectiva que pretenden ocupar.

#### **3º. Capacidade para concorrer:**

Poderán participar as persoas físicas e xurídicas que teñan plena capacidade de obrar, e non se encontren incursoas en ningunha das causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade previstas no artigo 71 da LCSP, así como etas ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

#### **4º. Canon mínimo.**

O canon mínimo (prezo base de licitación) para cada un dos quioscos, é o que segue (prezo mínimo por tempada ou anualidade), será o sinalado pola Demarcación de Costas na resolución de solicitude e autorización para a explotación de servizos de tempada nas praias do termino municipal de Valdoviño de 4 de abril de 2022.

**LOTE 1.** Praia de Mourillá: 2920,50 euros/tempada

**LOTE 2.** Praia de Outeiro: 2920,50 euros/tempada

**LOTE 3.** Praia de O Rodo: 2920,50 euros/tempada

Os interesados no momento de formular súa solicitude asumen a oferta polo prezo base do posto, como mínimo, podendo subir súa oferta o que consideren.

O canon relativo os anos 2023,2024,2025 liquidarase no mes de xaneiro a través do Concello de Valdoviño á Demarcación de Costas do Estado en Galicia.



## 5º. Fianza

Considerando a resolución de Demarcación de Costas de solicitude de autorización para a explotación de servizos de tempada nas praias do Concello de Valdoviño de data 4 de abril de 2022.

“ De conformidade ao disposto no artigo 113.6 do Regulamento Xeral de Costas, o Concello estará obrigado a exixir os terceiros adxudicatarios dos chringuitos-quioscos a constitución dun depósito previo a disposición da Demarcación de Costas na Caixa Xeral de Depósitos para responder dos gastos de execución subsidiaria de levantamento das instalacións se as mesmas non se levantan dentro dos quince días naturais seguintes a finalización do prazo autorizado ( 1 de maio a 31 de outubro)”. A fianza foi calculada pola Demarcación de Costas por un importe de **1.892 euros por quiosco**.

## 6º Presentación de ofertas

Coa finalidade de dar a coñecer entre os posibles interesados a convocatoria dos quioscos obxecto destas bases, procederase a publicar un anuncio no DOG. O prazo de presentación de solicitudes finalizará transcorridos 10 días naturais a contar dende o día seguinte da publicación.

O importe do anuncio de licitación, será por conta dos adxudicatarios e cobrado entre estes de forma proporcional.

As persoas interesadas, deberán solicitar mediante instancia que acompañará en sobre pechado, a súa oferta segundo o modelo contido no Anexo I destas bases, dirixida ao Sr. Alcalde. A presentación da solicitude de participación supón a aceptación incondicionada do contido das condicións destas bases, sen salvedade ou reserva algunha. Unha vez realizada a licitación, se un dos adxudicatarios renunciase ao posto, este adxudicárase ao ofertante seguinte que máis se aproximase á oferta anterior para o mesmo posto pero o prezo da adxudicación quedará fixado polo importe que ofertara o mellor licitador, polo que o titular da segunda oferta terá dereito no caso de renuncia do da primeira á explotación do posto sempre e cando asuma voluntariamente o aboamento do importe que fose ofertado como mellor oferta, de xeito que o valor do posto quedaría invariable con independencia das renuncias que puideran existir. Esta regra servirá para o caso de renuncias sucesivas.

Xunto a solicitude deberá incorporarse a seguinte documentación:

- Copia do Documento de Identidade ou CIF del solicitante, e acreditación da súa condición de acuar en nome de outra persoa física o xurídica.
- Xustificante de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Copia de póliza en vigor do seguro de responsabilidade civil xeral. Dita póliza debe cubrir os riscos que puideran ocasionarse pola instalación, desmontaxe e actividade.
- Proposta de la zona a ocupar, distinguindo la superficie cerrada como la de mesas y sillas en el exterior. En el caso de terrazas se deberá solicitar la superficie ocupada por el perímetro de la totalidad de las sillas y mesas.
- Fotografía, infografía, catálogo, no seu caso das características dos quioscos, mesas e sillas que se pretendan utilizar.



- Croquis e fotografía da instalación e servizos de abastecemento, electricidade e saneamento.
- Acreditación de ter satisfeito o canon do ano anterior.
- Declaración responsable de nos estar incuso en ningunha das prohibicións de contratar previstas no artigo 71 da Lei 9/2019, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- Presuposto xustificado das instalacións e estudo xustificado da previsión de beneficios netos no período solicitado.

#### **8º. Apertura de ofertas e adxudicación:**

Rematado o prazo de presentación de ofertas, por resolución de alcaldía convocarase o acto de apertura de proposicións que terá lugar na Concello de Valdoviño ás 10:30 horas do terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de ofertas, ante unha mesa constituída ao efecto no citado acto., aos efectos de ditaminar as ofertas recibidas e posterior remisión á Alcaldía dunha proposta de resolución.

Dita mesa estará formada por:

- PRESIDENTE. Don Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño.
- VOGAIS:
  - Dona Rosa Ana García López, Concellería de Turismo.
  - Don Sergio Saavedra Gutiérrez, Concellería de Deportes.
  - Técnico municipal.
  - Dona Elisa Marqués Parrilla, Interventora municipal.
  - Técnico municipal.
- SECRETARIA. Dona Carlota González Navarro. Secretaria do Concello de Valdoviño para dar fe do acto.

A Mesa, á vista das proposicións e demais circunstancias que deban terse en conta, valorará as distintas proposicións presentadas e as clasificará, de maior a menor canon ofertado.

A continuación, a Mesa realizará proposta de asignación de postos en función do prezo ofertado, por ser este o único criterio de adxudicación previsto nas presentes bases.

O caso de empate entre os mellores prezos ofertados, decidirse por sorteo realizado en acto público.

A adxudicación da explotación dos postos corresponderá á Alcaldía, atendendo a proposta realizada pola mesa e será firme dende a recepción da notificación por quen resulte adxudicatario., sen prexuízo das competencias da administración de Costas, debendo este ter ingresado, no prazo de dez días, na conta que se sinala, todas as cantidades económicas que se deriven da autorización. Sen este ingreso non adquirirá firmeza a adxudicación realizada.

O Concello comunicará ao Servizo de Costas a relación nominal das entidades autorizadas, previamente ao inicio da actividade.



## **10. Tipoloxía e condicións xerais das instalacións:**

Todas as instalacións que se monten deberán ter as condicións de solidez e seguridade acordes ao uso ao que se destinen.

Todas as instalacións deberán ter as condicións de limpeza e decoro debidas.

En calquera caso, a tipoloxía das instalacións deberá harmonizar coa contorna, con materiais adecuados e de calidade, aspecto estético e bo estado de conservación.

Non se permitirá en ningún caso, a construción de obras de fábrica ou outras obras fixas. As instalacións provisionais irán apoiadas e suxeitas ao terreo sen ningún tipo de cimentación.

Todas as conducións de servizo ás instalacións desmontables, deberán ser subterráneas. O sistema de saneamento garantizará unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral, se esta existe, quedando en todo caso prohibidos os sistemas de drenaxe ou absorción que poidan afectar o terreo da parcela ou area da praia, así como á calidade da auga de cursos próximos. No caso de non existir rede de sumidoiros municipal, as augas residuais procedentes das instalacións deberanse conducir a un depósito estanco e soterrado, que será vaciado periodicamente por parte dunha empresa legalmente habilitada.

Cando se empreguen contedores ou outras estruturas prefabricadas similares, estas non poderán manter o seu acabado metálico, debendo recubrirse na súa totalidade con paneis de madeira ou similar, de tal maneira que se cumpran as condicións fixadas no apartado d) anterior.

As cores dos materiais empregados cumprarán co indicado na Guía de Cor e Materiais de Galicia, editado pola Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

## **11. Obrigas e dereitos dos autorizados**

Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen e nas Bases de Demarcación de Costas , os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:

### *1.Económicas.*

-Os candidatos á adxudicación das licenzas non poden ter pendentes débedas co Concello de Valdoviño o Concello examinará de oficio o cumprimento dese requisito previa autorización dos solicitantes.

-Aboar a través do Concello, á Demarcación de Costas o importe correspondente ao canon de ocupación do dominio público marítimo terrestre que fixe o citado órgano e o importe correspondente a fianza.

. Os xustificantes correspondentes serán remitidos á Demarcación de Costas polo Concello para que sirva de constancia no expediente.



## 2. *Limpeza.*

Con carácter xeral, o adxudicatario deberá ter o contorno do espazo onde realice a súa actividade en perfecto estado de limpeza.

## 3. *Autorización.*

A autorización pola que se permite a ocupación temporal de dominio público marítimo terrestre mediante a colocación dos postos, ten carácter condicional e precario, polo que a Corporación en calquera momento, poderá acordar a retirada dos portos, se non se cumplan as condicións establecidas, ou ben por motivos de interese público.

A autorización non exixe de obter as demais licenzas, permisos e autorizacións que legalmente podan ser esixibles.

De conformidade co previsto no artigo 61.3 do Regulamento de bens das entidades locais, non serán transferibles as licenzas que se refiran a cualidades persoais do suxeito ou que teñan limitado o seu número.

## 4. *Fiscais.*

Os adxudicatarios, con anterioridade ao inicio da actividade, deberán achegar unha declaración xurada de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas en materia fiscal e de Seguridade Social así como de non estar incurso en causa algunha que lles impida contratar coa administración, de conformidade co previsto na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

5. A autorización estará condicionada as restricións das autoridades sanitarias con motivo dapanidemia polo Covid -19.

6. Serán causa de caducidade, parcial ou total, desta autorización, ademais dos casos establecidos, con carácter xeral no artigo 79 da Lei de costas, os seguintes:

- A alteración dos usos autorizados.
- A desatención de dous requirimentos realizados polos distintos servizos municipais de seguridade pública, sexa calquera autoridade municipal ou a Policía Local. Un primeiro requirimento servirá de advertencia, e en todo caso serán compatibles coa esixencia da responsabilidade que corresponda pola comisión de infraccións administrativas que serán castigadas logo da instrución do correspondente procedemento sancionador.
- O feito de ter débedas co Concello de Valdoviño.
- Aumento da ocupación autorizada en mais de un 10%.
- Almacenamento exterior de acopios, materiais ou depósitos de residuos.
- Evacuar ou verter augas sucias e residuos sólidos.
- A instalación de fosas sépticas non autorizadas
- Incumprimento das obrigas e condicións desta autorización, así como de calquera das prohibicións establecidas, con carácter xeral, na Lei de costas e no seu regulamento, así coma no Planeamento Urbanístico do Concello de Valdoviño.



*7. Dereito supletorio.*

No non previsto nestas bases, será de aplicación o disposto nas condicións xerais da Demarcación de Costas do Estado en Galicia.



## ANEXO I

### OFERTA ECONÓMICA PARA A AUORIZACIÓN DE QUIOSCOS NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, TEMPADA 2022,2023,2024,2025.

Nome e apelidos ou nome Sociedade ou Entidade	
Enderezo	
Localidade	Concello
DNI ou CIF	Teléfono e e-mail

Informado/a da convocatoria para a adxudicación de autorizacións **instalacións de tempada-quioscos** nas praias do Concello de Valdoviño:

**Situación do posto:**.....

**Superficie que se pretende ocupar:**.....

**Cantidade ofertada a Demarcación de Costas polo posto**.....

Comprométome formalmente ao aboamento do prezo mínimo ou base do posto que solicito, de conformidade coa base 4º do prego regulador, sen prexuízo do dereito que me asiste a incrementar a oferta mediante

**Autorizo a comprobación de datos polo Concello de Valdoviño** no referente a débedas co Concello de Valdoviño e Deputación de A Coruña.

**Xúntase a seguinte documentación:**

Documentación sinalada no punto sexto das bases de convocatoria.


Manifestando expresamente coñecer o contido dos pregos de condicións administrativas, tanto os xerais da Demarcación de Costas do Estado en Galicia como os particulares do Concello de Valdoviño, cumprir as obrigas que nos devanditos pregos se establecen e aboar os dereitos e taxas que poidan derivarse de resultar adxudicatario da licenza solicitada.

\_\_\_\_\_,de de 2022

Asdo.  
(no seu propio nome ou representando á  
Sociedade)







**LEENDA**

**COSTAS**

Tipo Línea

- DPMT
- Ribera del mar
- Senda/ámbito de protección

MOURILLÁ

**PROPOSTA de DELIMITACIÓN de ZONAS para a INSTALACIÓN de SERVICIOS de TEMPADA (CHIRINGUITOS) no CONCELLO de VALDOÑO (2022-2025)**

**LOCALIZACIÓN 1: MOURILLÁ**

0 25 50 75 m

Escala 1:2.000









**LEENDA**

**COSTAS**

- (Thin Line) — Tipo Línea
- (Dashed Line) — EPDR
- (Solid Line) — Línea del mar
- (Dotted Line) --- Similitud de protección

 **OUTEIRO**



**PROPOSTA de DELIMITACIÓN de ZONAS para a INSTALACIÓN de SERVIZOS de TEMPADA (CHIRINGUITOS) no CONCELLO de VALDOVINO (2022-2025)**

**LOCALIZACIÓN 2: OUTEIRO**


ORTOFOTO WMS Plan Básico Autonómico - Costas

0 25 50 75 m

Escala 1:2.000





**LEENDA**

**COSTAS**

- Tipo Línea
- DPMT
- Ribeira do mar
- ... Servillumbre de protección
- O RODO

**PROPOSTA de DELIMITACIÓN de ZONAS para a INSTALACIÓN de SERVIZOS de TEMPADA (CHIRINGUITOS) no CONCELLO de VALDOVÍNO (2022-2025)**

**LOCALIZACIÓN 3: O RODO**

Escala 1:2.000

